

XOGOS TRADICIONAIS

"A PORCA - O PINO"




Xogo moi estendido pola provincia de Ourense e practicado por Mozos, tanto como diversión como para a resolución de conflitos entre grupos de aldeas veciñas (a miúdo derivados de asuntos amorosos...).



Os elementos do xogo son un pau (*moca, cachona, caneira...*), feito tradicionalmente de uceira, de catro a seis cuartas de longo, e unha bóla de madeira dura (*porca, pino*), de 6 a 12 cm de diámetro.

Precísase tamén dunha estaca cravada no chan (*santo*) sobresaíndo 15 ou 20 cm.

Xogábase nun espazo amplo, normalmente un prado ou o campo da festa. Nun extremo márcase unha liña ou rego (*liña de corte*, xa que o espazo que queda detrás será a *corte*). Noutro extremo crávase o *santo*.



Xogan dous equipos: o *atacante* sitúase tras a liña de santo, e o equipo *defensor* tras a liña de corte. O xogo comeza cando un membro do equipo *atacante* colle a porca coa man alzada e a deixa caer. Dende ese momento, o obxectivo dos *atacantes* é conseguir que a porca atravesese a liña de corte na dirección santo-corte (en sentido contrario non ten validez), momento no cal o equipo *atacante* marca un tanto e detense o xogo para volver á posición inicial. É importante lembrar que non hai "fóras", xa que non hai un campo de xogo delimitado por liñas exteriores.



O equipo *defensor* persegue dous obxectivos: o máis obvio, evitar que os *atacantes* atravesen a liña de santo coa porca. O segundo, conseguir que a porca pase por detrás do santo entrando por un lado del e saíndo polo outro (en calquera dos dous sentidos), atravesando por tanto a liña de santo: nese momento (OLLO!) o equipo *atacante* pasa a ser equipo *defensor*, e o equipo *defensor* pasa a ser *atacante*, SEN PARARSE O XOGO. O único momento en que o xogo se para é cando o equipo que xoga como *atacante* marca un tanto.

